

O TRATAMENTO DO GRUPO CONSONÁNTICO HETEROSILÁBICO /kt/ NO GALEGO MEDIEVAL

RAMÓN MARIÑO PAZ

(Universidade de Santiago de Compostela)

Abonda con considerar que o tratamento do grupo consonántico /kt/ é un tema xa trillado en múltiples manuais de lingüística románica e de historia das distintas linguas románicas para comprender que non podo pretender con esta comunicación achegar novidades espectaculares ó campo da lingüística histórica galega e portuguesa. O meu obxectivo é moito máis modesto pero igualmente necesario para unha lingüística histórica coma a galega, que precisa aínda de moitos traballos descritivos se é que quere cimentarse sobre unha base de coñecementos sólida e segura. O que me proponho facer non é outra cousa que ordenar e interpretar unha serie de datos hoxe xa xeralmente coñecidos para deixalos en disposición de seren integrados nunha futura Gramática Histórica da Lingua Galega.

Antes de nada, e a xeito de introducción necesaria, debo reiterar aquí polo menos unha das ideas que xa expresei no inicio da comunicación que presentei ó XIII Encontro Nacional da APL, celebrado na Universidade de Lisboa en 1997. Ó meu parecer, "para analiza-lo desenvolvemento histórico dos grupos consonánticos heterosilábicos convén moverse no marco da estrutura da sílaba, atendendo ás posibilidades e ás restricións combinatorias observables na súa composición, e nomeadamente na súa coda"¹. Dado que o galego ten unha tendencia a consagrar un tipo silábico composto por consoante seguida de vocal e a evitar na coda, entre outros elementos, as consoantes oclusivas orais, non estraña que nas súas voces patrimoniais triunfase a relaxación e mesmo a desaparición das consoantes oclusivas implisivas dos grupos consonánticos situados a cabalo dunha fronteira silábica: son inequívocas manifestacións desta tendencia a transformación das ditas consoantes en semiconsoantes palatais ou

velares e a súa eliminación tal vez a través dun proceso de asimilación. No caso de /kt/ (e doutros grupos) o problema agudízase ó seren oclusivas orais tanto a consoante posnuclear da primeira sílaba coma a prenuclear da sílaba seguinte, de modo que unha pronuncia coitada obriga a encadear dúas oclusións, coa dificultade que isto entraña.

Da existencia destas restriccións na estrutura silábica das voces galegas patrimoniais xa era consciente o Padre Sobreira, que se referiu a elas da seguinte maneira nos anos finais do século XVIII:

AC. Sílaba de muchas dicciones castellanas, no la hay ni la hubo en la Lengua Gallega, porque ésta no admite sílaba ni dicción con letra muda pendiente o final; y dicha AC castellana o pierde la C en el Gallego, como en *Ación*, o se convierte en AU o en AY, como en *Aución* y *Aycción*.

AC. Sílaba de muchas dicciones gallegas antiguas, que ahora se escribe y pronuncia AU, como en *Auto* por *Acto* y AY, cuando a su C se sigue otra C en la dicción, como *Aycidente* por *Accidente*, y A sola, como *Ación* por *Acción*, para cuyas reducciones non hay ley general, ni más regla que el uso, el cual en unas dicciones hace una de dichas reducciones, en otras hace otra, y en otras ha<ce> dos o tres (Sobr. 42-43).

Non me propoño facer unha crítica pormenorizada destas opinións. É evidente, por unha parte, que o galego antigo, na forma escrita en que o coñecemos, si presentaba grupos consonánticos heterosilábicos con /k/ implosivo e mesmo grafías xeminadas <cc> de intención latinizante; o propio Sobreira acaba admitíndoo no segundo dos parágrafos anteriormente transcritos. Canto ós tres procesos conducentes a evita-la estrutura silábica en cuestión nas palabras patrimoniais que o monxe reconece como vixentes no seu tempo (conversión de /k/ implosivo en semiconsoante palatal, conversión de /k/ en semiconsoante velar e eliminación de /k/), cabe preguntarse se teñen a mesma ou aproximada antigüidade na nosa lingua, se mantiveron igual ou semellante vigor en tódalas épocas ou se nunca, como dicía Sobreira que ocorría ó final do XVIII, se ativeron a máis norma ca ó uso, de modo que nunhas voces se impoñía exclusivamente un deles mentres para outras se empregaban formas diverxentes que resultaban de dúas ou tres estratexias de acomodación diferentes. Espero que a revisión dos diversos tratamentos dados ó grupo /kt/ no corpus de galego medieval seleccionado para esta comunicación contribúa nalgunha medida a despexar estas dúbidas.

1. Conversión de /k/ implosivo en semiconsoante palatal².

A conversión en semiconsoante palatal da consoante oclusiva situada en posición implosiva é o tratamento que se observa na meirande parte das unidades léxicas documentadas. Estas voces, ademais de seren indubidable maioría,

semellan contar entre as máis antigas do idioma, pois entre os variados campos semánticos en que se poden encadrar están sen dúbida aqueles máis directamente vencellados ás realidades propias da vida cotiá: labores e realidades agrícolas en xeral, partes do corpo, vocabulario relixioso común, numerais, meses do ano, animais, unidades de medida tradicionais, topónimos, etc. Creo, por tanto, que podemos dicir que no século XIII, na época en que se escribiron os máis antigos textos galegos e portugueses hoxe coñecidos, levarían xa moito tempo correndo de boca en boca no falar dos nosos antepasados. Ademais, testemuños da antigüidade deste tratamento do grupo /kt/ xa os achegou hai uns anos Veiga Arias (1983) no seu estudio das voces románicas contidas en documentos latino-galaicos anteriores ó século XIII: *Nafreita* (1135), *Barueito* (971), *paitassent e apeitare* (931), *peitet* (1112), *peito* (1155). Velaquí unha selección das palabras que presentan este tratamento en textos galegos dos séculos XIII, XIV, XV e XVI:

- [ACOLLEITO, TA].** Sécs. XIII-XIV: *acolleitos* (TC 593.1), *acolleytos* (TC 592.22; CT 484.13, 512.22).
- A EITO** (< lat. ICTU). Sécs. XIII-XIV: *a eito* (CSM 114.28, 175.71, 323.12, 345.92; LP 148.7.9), *a eyto* (LP 94.8.12).
- AFEITO** 'efectivamente, na verdade, realmente'. Sécs. XIII-XIV: *afeito* (CSM 15.90, 59.7, 77.43, 309.45; LP 134.7.9), *afeyto* (CT 658.28).
- AFEYTAR** 'amañar, preparar, enfeitar' (< lat. AFFECTARE). Sécs. XIII-XIV: *afeytar* (LP 70.26.21), *afeytauã* (CT 437.21-22), *afeytou* (GE 179.20), *afeyt[ã]do* (TC 713.5), *afeytandoa* (GE 174.22), *afeytado* (TC 702.8).
- [AIEYTO]** (< lat. AD-IACTU). Séc. XIII: *aieytos* (Maia 205).
- ANAFREYTA** (topónimo). Séc. XIV: *Anafreyta* (Maia 55).
- [APROFEYTAR], APROVEYTAR.** Sécs. XIII-XIV: *aproueytar* (TC 840.4; CT 580.9; Maia 76), *aproveytar* (CSM 94.24), *aproytedes* (Maia 184). Séc. XV: *aproueytar* (AP 1983).
- ARREYTAR** (< lat. *ARRĒCTĀRE). Sécs. XIII-XIV: *arreytar* (LP 38.2.3), *arreitado* (LP 38.2.4), etc.
- ASPEITADO, [DA]** (de ASPĒCTU). Sécs. XIII-XIV: *aspeitado* (LP 30.35.42).
- ASSEYTAR** 'espreitar' (< lat. *ASSECTĀRE). Sécs. XIII-XIV: *asseytar* (LP 116.35.26), *as[s]eita* (CSM 78.62), *asseitou* (LP 120.16.10), *aseyto* 'aseytou' (HT 91.1), *asseytaron* (CSM 251.42).
- BARBEYTO.** Sécs. XIII-XIV: *barbeyto* (Maia 151). Séc. XV: *barbeytos* (AP 1321).
- BEEIÇÓN.** Sécs. XIII-XIV: *bēeiçon* (CSM 265.88), *bēeyçõ* (TC 103.14, 103.16, etc.), *beyçõ* (TC 289.3), etc.; *bēeçion* (CSM 414.38) é dubidosa: podería esta-lo ditongo /ei/ baixo a grafía <e>. Séc. XV: *beeyçõ* (MS 110.11; CI 78.30), *beyçon* (Maia 112), *bieyçõ* (MS 221.22)³.
- BEEITO, TA.** Sécs. XIII-XIV: *bēeito* (CSM 244.44, etc.), *beeito* (LP 18.20.13; LP 63.1.23, etc.; TC 613.5), *bēeyto* (CSM 104.59, etc.; TC 48.1, 48.5, etc.),

- Beeyto* (TC 216.3, 223.18, etc.; CT 266.16), etc. Séc. XV: *beeito* (MS 225.13), *bieito* (MS 59.11, 225.15, etc.; CI 61.3; Maia 108), etc. Séc. XVI: *Bieyto* (Maia 242).
- BENFEYTO.** Séc. XV: *bēfeyto* (Maia 117), *benfeyto* (Maia 114).
- ÇEDOFEYTA** (topónimo). Séc. XV: *Çedofeyta* (Maia 108, 116).
- COITA, CUITA** (derivado de verbal de *coitar*, *cuitar*). Sécs. XIII-XIV: *coita* (CSM 5.89, 23.20, etc.; LP 70.5.8, etc.; TC 529.21, 531.8, etc.), *cuita* (CSM 264.21), etc. Séc. XV: *coita* (CI 34.18), *coyta* (MS 42.16, 66.13, etc.), etc.
- [COITAR]** (< lat. vulg. *COCTĀRE). Sécs. XIII-XIV: *coita* (CSM 53.15, 393.23), *coytava* (CSM 37.16, 153.18), etc.
- [COITO, TA]** 'cocido' (< lat. CŌCTU). Sécs. XIII-XIV: *coyta* (TC 645.17), *coytos* (GE 162.1). Séc. XV: *coito* (TA 458, 500, etc.), *coyto* (TA 16, 16, 17, 94), etc.
- COLLEITA.** Sécs. XIII-XIV: *coleyta* (Maia 152), *colleita* (Maia 142), *colleyta* (TC 9.12). Séc. XV: *colleytas* (AP 379, 1176).
- COLLEYTO, TA.** Séc. XIV: *colleyto* (Maia 50), *colleytas* (GE 188.33; HT 32.11).
- CONDOYTO, CONDUYTO.** Sécs. XIII-XIV: *condoyto* (CT 280.11, 486.21, 626.21), *cōduyto* (TC 831.9), *conduyto* (TC 490.11, 835.26).
- CONFHEYÇÕ.** Sécs. XIII-XIV: *confeyçõ* (HT 41.3), *confeyçom* (HT 40.43).
- CONTREITO, TA.** Sécs. XIII-XIV: *contreito* (CSM 69.97, 83.36), *contreyto* (CSM 385.33; TC 23.19), *contreita* (CSM 77.2), *contreyta* (CSM 179.1), *contreitos* (CSM 57.68).
- CONTREYTURA.** Sécs. XIII-XIV: *contreytura* (TC 23.16).
- [COREITO], TA** 'correcto' / 'corrixido'. Séc. XIII: *coreyta* (Maia 138: "cõ todo meu entēdemēto e ma memoria coreyta"). Séc. XV: *coreita* (MS 130.2: "et se por pecados en alg[ũ]as vilas et lugares mīgoase a crrença de Deus, que fose coreita por lo bispo de Santiago").
- COYTURA.** Sécs. XIII-XIV: *coytura* (TC 23.17).
- DEFRUYTAR.** Séc. XIII: *defruytar* (Maia 208).
- DEITAR.** Sécs. XIII-XIV: *deitar* (CSM 5.57, etc.; TC 243.12, 274.23, etc.), etc. Séc. XV: *deitar* (MS 38.12; TA 346, 455, etc.; AP 2544, 2548), etc.
- DELEITAR.** Sécs. XIII-XIV: *deleytar* (GE 205.19-20). Séc. XV: *deleitam* (TA 345).
- DELEITO.** Sécs. XIII-XIV: *deleito* (CSM 115.98), *deleyto* (GE 6.13, 6.20, etc.), *deleytos* (GE 6.5, 162.28, 210.31; TC 5.16; HT 8.23).
- DEREITO, TA; DIREITO, TA.** Sécs. XIII-XIV: *dereito* (CSM 26.6, 281.62, etc.; LP 63.1.2, etc.; TC 442.11, 548.1, etc.; Maia 92, 129, etc.), *direito* (LP 14.6.10, etc.), etc. Séc. XV: *dereito* (MS 226.7, etc.; CI 66.27, 67.9; Lorenzo 362.13, 362.22, 362.24; Maia 99, etc), *direito* (CI 73.23), etc.
- DEREITURA.** Sécs. XIII-XIV: *dereitura* (Maia 48, 156, etc.). Séc. XV: *dereytura* (AP 2482), *dereyturas* (AP 376, 380, 393, etc.), etc.

- DESPEITO.** Sécs. XIII-XIV: *despeito* (CSM 26.8, 163.13, etc.), *despeyto* (CSM 77.17, 369.74; GE 137.18; TC 177.17 -A₁ *despeucto*-; CT 222.24, 239.22, etc.; HT 89.38, 89.42, etc.).
- [DOITO], TA; [DUITO, TA]** (< lat. DŪCTU). Sécs. XIII-XIV: *doita* (LP 2.23.7, 25.129.11, 40.6.3), *doitos* (TC 587.14), *dottas* (CSM 49.19), *duitas* (CSM 406.24).
- EIXUITO, [TA]** (< lat. EXSUCTU). Sécs. XIII-XIV: *eixuito* (CSM 112.50).
- ELEITO, [TA].** Sécs. XIII-XIV: *eleito* (LP 14.1.3), *elett'* (LP 14.1.2, 14.1.15).
- ENCOLLEITO, TA.** Sécs. XIII-XIV: *encoll[e]ito* (CSM 77.38), *encolleito* (CSM 77.8), *encolbeito* (LP 70.52.11), *encolleita* (CSM 197.17), *encolleytos* (TC 360.19; CT 671.8).
- [ENDEITAR]** 'declarar, proclamar'. Sécs. XIII-XIV: *endeito* (CSM 115.103: "O que sera feito, / eu endeito- / o d' aqui que seu seja [...] do demo todavia")⁴.
- ENGEITAR.** Sécs. XIII-XIV: *engeitar* (TC 614.19). Séc. XV: *engeytados* (MS 112.10).
- ESCOLLEITO, TA.** Sécs. XIII-XIV: *escolleito* (CSM 77.27), *escolleyto* (CSM 213.52; GE 150.23; CT 265.11, 290.1, 478.17), etc.
- ESLEITO, TA.** Sécs. XIII-XIV: *esleito* (TC 459.18), *esleyto* (TC 453.18, 455.4, etc.; CT 478.19); na TC, tamén unha vez *eslecto*. Séc. XV: *esleito* (CI 76.13, 77.5, 77.7, 77.19-20).
- ESLEYÇÓN.** Séc. XIII: *esleyçon* (CSM 87.5)⁵.
- ESTREITO, TA.** Sécs. XIII-XIV: *estreito* (CSM 77.23, 323.11), *estreyto* (LP 125.15.13; GE 57.24; TC 748.9; etc.). Séc. XV: *estreito* (TA 350), *estreyto* (MS 83.1), etc.
- EYTOR.** Séc. XIV: *Eytor* (CT 234.7, 243.4, etc.; HT 134.26, 147.42, 189.15). *Éctor* é moi frecuente na HT, pero francamente raro na CT. Na CT o máis común é *Éytor*, aínda que nela tamén aparecen minoritariamente *Éutor* e *Éctor*, na HT son frecuentes *Éctor* e *Éutor*, e raro *Éytor*.
- FAIÇÓN, FFEYÇÓN** (< lat. FACTĪŌNE). Sécs. XIII-XIV: *faiçon* (CSM 49.54, 69.47, etc.), *fayçon* (CSM 29.16, 361.30, etc.), *ffeyçon* (CSM 391.26).
- FEITO, TA.** Sécs. XIII-XIV: *feito* (CSM 6.90, etc.; LP 18.33.1; etc.), *feyta* (CSM 2.13, etc.; GE 38.9, 283.1, etc.; TC 7.19, etc.; CT 215.2, etc.; HT 7.17, etc.), etc. Séc. XV: *feito* (TA 348, 451, etc.; CI 31.7, 39.11, etc.), *feyto* (AP 141, 656, etc.), etc.
- FEITOR.** Sécs. XIII-XIV: *feitor* (LP 125.42.12), *feytor* (LP 118.1.3, 125.42.5; GE 139.21), *feytores* (GE 209.7; HT 348.14).
- FEITURA.** Sécs. XIII-XIV: *feitura* (LP 25.111.9; TC 616.17), *feytura* (GE 5.22, 38.5, etc.; TC 173.6, 455.10; CT 277.20, 337.16, etc.; HT 181.18, 284.36), etc. Séc. XV: *feitura* (TA 398), *feituras* (TA 398, 398, etc.).
- FIEYTO** (< lat. FILĪCTU). Sécs. XIII-XIV: *fieyto* (GE 28.16).

- FROITA, FRUITA.** Sécs. XIII-XIV: *froyta* (GE 6.25, 6.26, etc.), *fruita* (CSM 251.31, 328.16, 411.153), *fruyta* (LP 62.1.3), *froytas* (GE 4.35, 6.21, etc.; TC 836.16; CT 302.3; HT 8.18, 118.9) *ffroytas* (GE 46.36), *fruitas* (CSM 406.23). Séc. XV: *ffroyta* (AP 2885), *froitas* (CI 87.8), *froytas* (MS 76.6), *fruytas* (AP 2855); tamén, ó pé de *fruytas*, usa o notario Álvaro Pérez *furta* (AP 2855).
- FROITO, FRUITO.** Sécs. XIII-XIV: *froyto* (GE 5.29, 8.13, etc.; TC 756.21, 756.22, 758.1; HT 32.21), *fruito* (CSM 80.20, 208.36, 270.37, 415.31), *froytos* (GE 210.13, 210.14, etc.; TC 31.4, 223.5, etc.), *fruytos* (TC 513.19, 555.23). Séc. XV: *froyto* (MS. 77.14, 125.2; AP 986), *froitos* (AP 2450), *froytos* (MS 17.4), *fruytos* (AP 1470), *ffruytos* (AP 2514), e tamén *frutos* (AP 693, 2492).
- FROITOSO.** Séc. XV: *Froitoso* (*San*) (CI 80.10-11, 84.28).
- GEITO.** Sécs. XIII-XIV: *geito* (CSM 341.61; LP 30.1.17), *geyto* (LP 94.10.18), *jeyto* (CT 463.21).
- JEITAR.** Sécs. XIII-XIV: *jeitar* (LP 70.18.10), *jeita-se* (LP 70.30.2).
- LEITE.** Sécs. XIII-XIV: *leite* (CSM 77.3, 77.9, etc.), *leyte* (LP 38.2.10; CSM 35.20, etc.; GE 8.19, 11.13, etc.; TC 816.26; HT 31.16; Maia 86). Séc. XV: *leite* (TA 53, 346, 346).
- LEITO.** Sécs. XIII-XIV: *leito* (CSM 25.174, etc.; LP 18.4.9; etc.; CT 570.21), *leyto* (CSM 132.134, etc.; LP 87.16.13; GE 144.4, etc.; TC 169.15, etc.; CT 363.15, etc.; HT 41.34, etc.; Maia 70), etc. Séc. XV: *leito* (MS 11.4, 12.16, etc.), etc. Séc. XVI: *leyto* (Maia 179)
- LEITUAIRO** 'electuario' (<lat. ELECTUARIU). Sec. XIII: *leitouairo* (CSM 88.74, 88.96). Pero *letuario* (CSM 88 M).
- LEITÓN.** Sécs. XIII-XIV: *leiton* (LP 48.1.3. etc), *Layton* (Maia 194), *leytões* (CSM 85.64).
- LEITURA** (<lat. tardío LECTURA). Séc. XV: *leitura* (CI 33.9).
- LOYTOSA, LUYTOSSA.** Sécs. XIII-XIV: *loytossa* (Maia 12), *loytossa* (Maia 218). Séc. XV: *loytosa* (Maia 94, 97), *loytossas* (Maia 103).
- [LOYTAR], LUITAR.** Sécs. XIII-XIV: *luitar* (CSM 351.17), *luitavam* (CSM 198.12), *loytou* (GE 296.34), *loytou* (GE 297.27), *luitou* (CSM 351.17), *luytasse* (GE 297.29), *luitando* (CSM 336.31). Séc. XV: *loytauā* (MS 48.8).
- [LUITA].** Sécs. XIII-XIV: *luyta* (GE 298.12), *luitas* (CSM 406.26).
- LUITO.** Sécs. XIII-XIV: *luito* (CSM 112.51; LP 89.1.9), *luyto* (LP 120.35.15).
- MALFEITOR.** Sécs. XIII-XIV: *malfeytor* (CSM 13.6, 45.2, etc.), *malfeytores* (TC 474.22, 832.3).
- MALTREITO, TA.** Sécs. XIII-XIV: *maltreito* (CSM 15.88, etc.; LP 30.19.11), *maltreyto* (LP 147.1.7; TC 53.5, etc.; CT 223.30, etc.; HT 138.19, etc.), etc.
- NOITE.** Sécs. XIII-XIV: *noite* (CSM 6.49, etc.; LP 18.4.18, etc.; TC 533.22, etc.; CT 566.23, 576.5), *noyte* (CSM 31.49, etc.; LP 114.14.4; etc.; GE 4.21, etc.;

- TC 6.15, etc.; CT 217.14, etc.; HT 26.31, etc.), etc. **Séc. XV:** *noite* (TA 346, etc.; CI 42.7, etc.), *noyte* (MS 11.2, etc.; TA 18, 111; Maia 100), etc.
- OITAVO, VA. Sécs. XIII-XIV:** *oytauo* (GE 96.17; TC 22.7, etc.; CT 321.26, 324.8; HT 133.6, 134.30), *oytaua* (GE 182.5 -dúas liñas antes, *outaua-*, 182.12; TC 288.5; CT 321.12, etc.; HT 132.37, 135.38; Maia 46), *oitaua* (CSM 8.1, 97.1; TC 530.8), *oytauas* (TC 206.1, 757.24, 757.25; Maia 81, 161) *oitavas* (LP 63.75.3). **Séc. XV:** *oitavo* (CI 47.14, 57.22, 94.24), *oytauas* (Maia 95).
- OITENTA. Sécs. XIII-XIV:** *oitaenta* (CSM 112.22), *oyteenta* (CSM 384.56; GE 30.18, 268.9; TC 39.4, etc.; CT 744.10, etc), *oytéenta* (Maia 190), etc. **Séc. XV:** *oitenta* (CI 45.9), *oyteēta* (MS 176.7), *oytēta* (AP 760), *oytenta* (AP 518).
- OITO. Sécs. XIII-XIV:** *oito* (CSM 214.32, 277.1; LP 18.29.16), *oyto* (LP 88.4.5, etc.; GE 38.15, etc.; TC 8.17, etc.; CT 299.18, etc.; HT 90.40, etc.; Maia 50, etc.). **Séc. XV:** *oito* (CI 40.19, etc.; AP 2439), *oyto* (MS 11.4, etc.; Maia 94, etc.; AP 2243, 2462).
- OITOCENTOS, TAS. Sécs. XIII-XIV:** *oytoçentos* (GE 26.11, 29.16, etc.; TC 5.6, 9.1, etc.; etc.), *oitocentos* (CSM 33.21), *oytoçentas* (Maia 58). **Séc. XV:** *oitoçētos* (AP 513), *oytoçentos* (AP 950, 2378).
- OYTAVAL. Séc. XV:** *oytaual* (Maia 100, 101), *oytauaes* (Maia 104).
- OYTAVJANO. Sécs. XIII-XIV:** *Oytaujano* (TC 820.3).
- OYTOBRO, OYTUBRO. Sécs. XIII-XIV:** *oytobro* (Maia 128), *oytubro* (TC 458.6; Maia 75, 143, 146, 161).
- PERFEIÇÃO. Séc. XV:** *perfeixon* (CI 86.11).
- PERFEITO₁, [TA] (< lat. PERFECTU).** **Sécs. XIII-XIV:** *perfeyto* (GE 34.33, 232.4, 232.6), *perfeytos* (GE 238.5). **Séc. XV:** *perfeito* (TA 396).
- PERFEYTO₂** 'pequena porción de terra' (< lat. PROPECTU) (cf. AP, p. 479). **Séc. XIV:** *perfeytos* (Maia 50). **Séc. XV:** *perfeyto* (AP 2276, 2317).
- PEITAR. Sécs. XIII-XIV:** *peitar* (LP 127.7.7, etc.), *peytar* (LP 30.35.7, etc.; TC 88.26, etc.), etc. **Séc. XV:** *peytar* (AP 605). **Séc. XVI:** *peite* (Maia 180).
- PEITO. Sécs. XIII-XIV:** *peito* (CSM 26.7, etc.; TC 442.7), *peyto* (CSM 132.136; TC 330.17, etc.; CT 252.19, etc.), *peitos* (CSM 38.67, etc.; TC 591.8). **Séc. XV:** *peito* (TA 352, 352, etc.), *peitos* (TA 352, 402, etc.).
- PROTEIÇÃO. Séc. XV:** *proteixon* (CI 80.1).
- PROVEITO. Sécs. XIII-XIV:** *proveito* (CSM 43.57, etc.; LP 127.8.15), *proueyto* (TC 192.11; CT 404.12, etc.; Maia 133), etc. **Séc. XV:** *proueito* (Maia 95), *proueyto* (MS 12.9; Lorenzo 362.4; Maia 107, 112). **Séc. XVI:** *probeyto* (Maia 126), *proueyto* (Maia 243).
- REITO, [TA] 'recto'. Séc. XV:** *reito* (CI: 68.18: "por ende, ídevos et qualquer cousa que ordenardes açerca do regemento da dita eglesia de Santiago et reito defensor et prelado et pastor que virdes et ordenardes que conple para ella, a tal a veredes").

- [RETRAER] 'contar, relatar'. Séc. XIII: *retreito* (CSM 77.28), *retreyto* (CSM 149.14).
- RRESURREYÇÕ. Séc. XV: *rresureyçõ* (MS 124.10), *rresurreyçõ* (MS 26.4).
- RREYTOR. Séc. XV: *rreytor* (AP 586; no mesmo texto, *rrector* e *rretor*).
- SATISFEYTO, [TA]. Séc. XV: *satisfeyto* (AP 2038). Tamén *satisfactos* en 1320 e *satisfectos* (1451) (cf. Lorenzo 1968: s.v.).
- SEITA (< lat. SĒCTA). Sécs. XIII-XIV: *seita* (CSM 264.32, 360.27), *seyta* (LP 30.3.9; GE 99.21; TC 307.17), *seytas* (GE 91.32). Séc. XV: *seyta* (MS 75.6).
- SEYTURA (< lat. SĒCTURA). Séc. XIV: *seytura* (Maia 59).
- SOGEYTO, TA; [SUBGEYTO, TA]. Sécs. XIII-XIV: *sogeyto* (TC 708.15), *sogeytos* (CSM 166.23), *subgeytos* (TC 758.31), *subieytos* (TC 353.19). Séc. XV: *sojeita* (MS 129.6).
- SOSPEITA. Sécs. XIII-XIV: *sospeita* (CSM 84.28, etc.; LP 25.7.20; TC 534.17, 585.13), *sospeyta* (CSM 132.97; GE 252.14; TC 28.5, etc.; CT 255.8, etc.; HT 120.7, etc.). Séc. XV: *sospeita* (MS 223.23, 233.7), *sospeitas* (Maia 235).
- SOSPEITAR. Sécs. XIII-XIV: *sospeitar* (CSM 334.35), *sospeytar* (GE 163.14), etc.
- SUBJEIÇON. Séc. XV: *subjeiçon* (CI 82.32).
- TEITO. Sécs. XIII-XIV: *teito* (CSM 77.37, LP 127.8.14, etc.), *teyto* (GE 37.17, HT 31.2, etc.).
- TOLLEITO, TA. Sécs. XIII-XIV: *tolleito* (CSM 77.7, etc.), *tolleyto* (TC 403.6; CT 589.5, etc.), etc. Séc. XV: *tolleito* (MS 10.9)⁶.
- TRAYTO, TREYTO (< lat. TRACTU). Sécs. XIII-XIV: *trayto* (CT 510.14), *traytos* (CT 313.12, 482.6, 620.17-18), *treyto* (TC 875.5; GE 219.28), *[t]reyto* (TC 872.4), *treytos* (CT 431.23), etc. Séc. XV: *traitos* (TA 396).
- [TREY TAR] (< lat. TRACTARE). Séc. XIV: *treytassemos* (CT 533.21: "Et por esto ben loaría et prazerme ya que este pleito treytassemos assy")⁷.
- [TRUITA]. Sécs. XIII-XIV: *truitas* (LP 79.32.16), *truytas* (LP 147.21.1, 147.21.7).
- VENDEITA (< lat. VINDICTA) 'vinganza'. Séc. XIII: *vendetta* (CSM 91.17). Para o castelán, Corominas e Pascual (s.v.) recollen o cultismo *vindicta* en 1499.

Hai que salientar que para non poucas destas palabras se detectou no corpus analizado non só a conversión de /k/ implosivo en semiconsoante palatal, senón tamén a súa transformación en [w]. Compróbese que isto é o que sucede con *Eytor* e *Eutor* (e tamén *Éctor*), *noite* e *noute*, *oitauro* e *outano* (e *octavo*), *oitauro* e *outauro* (e *octauro*), *oytubro*⁸ e *outubro* (tamén *otubre* e *octubre*), *traito-treito* e *trauto* e *treytar* e *trautar* (e mais *tratar* e *tractar*)⁹. Podemos engadirilles aínda a estes casos a alternancia *enxouto* / *en xoyto*, contida nun texto ourensán de 1262 que se integra nunha colección documental que non revisei exhaustivamente para este traballo: "En preguntando se chouía, se fassía enxouto, e disso que en xoyto e disso de mayz que perdera daquela tomada duas

ouellas" (in Ferro Couselo 1967: 26). Non entrarei agora no problema do coñecido intercambio ditongal *oi / ou*, senón que me limitarei a insistir en que os datos recadados evidencian que unha mesma palabra pode aparecer na documentación medieval (e incluso no seo dun único texto) coa forma resultante dun tratamento antigo e popular do grupo /kt/ (e presentar /it/), coa forma propia dun tratamento seguramente máis tardío e semiculto (e presentar /ut/ ou simplemente /t/) ou coa forma esperable nun cultismo (e presentar, cando menos graficamente, <ct>)¹⁰. Non se trata, desde logo, de nada excepcional, e no mesmo corpus aquí manexado detectamos outros casos en que se presenta máis de un tratamento, aínda que ningún deles sexa o da chegada a [w]: *dito* e *dicto*; *esleito* e *eslecto* na TC; *reito* e *rrepto* en textos do séc. XV (CI e MS); *rreytor*, *rretor* e *rrector* en AP; *rresurreyçõ* e *rresureçõ* tamén en AP; *satisfeyto* e *satisfactos* ou *satisfectos*; *sogeyto* e *subiectos*; *subjeiçon* e *suggeçon*; *vendeita* e *vendita*; etc. Probablemente este tipo de alternancias son máis frecuentes e variadas coas voces de entrada tardía, con aquelas que demandaba o uso do galego na escrita para funcións literarias ou administrativas; respecto das máis antigas, as asentadas na fala desde vello (*feito*, *leite*, *noite*, *peito*, etc.), non hai tales alternancias ou hai moitas menos, xa que nelas se impón ou tende a impoñerse un determinado tipo de tratamento patrimonializador.

Un conxunto bastante numeroso das voces integradas nesta primeira sección do traballo non conserva a secuencia [jt] no galego popular de hoxe. Nuns casos (*aspeitado*, *confeyçõ*, *coreyta*, *eleito* e *esleito*, *esleyçon*, *leitura*, *perfeixon*, *perfeito*, *proteiçon*, *reito*, *rresurreyçõ*, *reytor*, *seita*) os recambios modernos poden ser de un, dous ou ata tres tipos, segundo a palabra poida presentar na actualidade transformación de /k/ en [w], a súa eliminación ou, nos rexistros máis esmerados, o mantemento do grupo consonántico. Estes tres tratamentos están documentados nos séculos XVII e XVIII en vocábulos coma os seguintes: *afeuto* 'amor ou cariño' / 'inclinado a algo ou a alguén' e *afeucionado* (Sobr. 91) fronte ó xa medieval *afeytar(se)* (Sobr. 91) 'enfeitarse' / 'amañar ou rapa-la barba', *afeutos* 'inclinados' (Sarm. 802.2), *defeitos* (Sarm. 141.4), *efeuto* (Sarm. 96.4, 1100.2), *reuto* (Sarm. 937.2, 966.2, 1062.2), *reutos* (Sarm. 1069.4); *letor* (Sobr. 482), *letura* (IriaVat. 1 v), *perfeccion* (IriaVat. 16 r), *retor* (FMinerv 36), *sugetos* (Sarm. 467.4); *actiuo* (FMinerv 49), *afecto* (Sarm. 799.2; *afeuto* P, MP), *protectores* (AFejoo 17). Sen embargo, hai que recordar que Sobreira aínda contempla como posibilidade viva no seu tempo a acomodación dos cultismos con /kt/ mediante a transformación de /k/ en [j] e, ademais, hai que sinalar que no galego medio aínda se rexistran con [jt] algunhas voces que hoxe popularmente xa non o teñen: *perfeito* (Sarm. 1068.4), *respeito* (Sarm. 417.2, 727.2, 844.2, 1215.2), *respeito* (Sarm. 244.4, 284.2, 524.4, 875.4; *respeto* MP), *respeyto* (FMinerv. 38), *respeitos* (Sarm. 603.4, 651.4), *respettos* (Sarm. 238.4; *respeictos* B)¹¹. No galego popular contemporáneo xa non é productiva a

transformación de /k/ implosivo en [j] como procedemento para a acomodación patrimonializante dos cultismos co grupo /kt/, e a presenza da semiconsoante palatal en certos vocábulos é punto de discusión entre diversos modelos normativos (*perfeito / perfecto, respeito / respecto*, etc.). Coido que o modelo do castelán debeu de actuar ultimamente (nos últimos dous séculos, ou sobre todo no século XX) como forza contraria á preservación das formas galegas con [j] para este tipo de voces, mais creo que tamén se debe considerar que nesa dinámica puido coadxuva-la propia deriva interna da nosa lingua. Apoio esta afirmación nas seguintes dúas consideracións: 1ª) a documentación revisada para esta comunicación indica que na Idade Media as voces de entrada tardía que presentaban o grupo /kt/, ademais de coñeceren a conversión de /k/ en [j], tamén se podían introducir xa con algunha outra das transformacións que aquí comentamos ou mesmo co mantemento, cando menos gráfico, do grupo <ct>; e 2ª) no portugués moderno tamén se produciron movementos a favor de certos resultados cultos ou semicultos en substitución das correspondentes formas populares: caso, por exemplo, de *aspecto* (desde o séc. XVI) no canto de *aspeito* (séc. XIV), *re(c)to* (séc. XVI) en lugar de *reyto* (séc. XIII) ou *prote(c)tor* (xa no séc. XV) en troca de *proteitor* (tamén documentado no século XV) (cf. Cunha 1994: s.v.)¹².

En certos casos as que prevaleceron foron formas creadas por derivación xa coñecidas desde o século XIII (como *vinganza* por *vendeita*), participios regulares no canto dos irregulares (*cocido* por *coito*, *corrixido* por *correito*) ou cultismos en lugar do correspondente resultado patrimonial (*electuario* por *leitoairo* ou *vindicta* polo devandito *vendeita*). O portugués experimentou procesos de renovación ou substitución vocabular paralelos ou semellantes a estes (cf. Cunha 1994: s.v.): *vingança* coñécese desde o século XIII, *vindi(c)ta* desde o XVI, *electuário* desde o XVIII; *cozido* e *corrigido* son os participios de *cozer* e *corrigir* propios da lingua moderna, e non *coito* nin *correito*.

2. Conversión de /k/ implosivo en semiconsoante velar

AUÇÓN. Sécs. XIII-XIV: *auçon* (LP 30.35.22; Maia 58). Séc. XV: *auçõ* (Maia 239).

CÕTRAUTO. Séc. XV: *cõtrauto* (AP 2444).

DOUTOR. Sécs. XIII-XIV: *doutor* (LP 30.29.3, 30.29.9, 30.29.15; GE 137.35; Maia 188), *doutores* (CT 745.7). Séc. XV: *doutor* (CI 32.12; Maia 104), *doutores* (CI 31.10; Maia 98).

DOUTRINA. Séc. XV: *doutrina* (CI 65.17, 70.4).

EUTOR, RA (< HECTOR). Séc. XIV: *Eutor* (HT 127.23, 129.14, etc.; CT 468.5, 468.20, etc.), *Étora* (CT 664.3).

NOUTE. Sécs. XIII-XIV: *noute* (LP 18.26.31, 63.28.21).

OUTAVO, VA. Sécs. XIII-XIV: *outauo* (GE 95.24, 96.5, 97.23, etc.), *outavo* (GE 132.31), *outaua* (GE 105.14, 110.5, 137.11, etc.); tamén *oytauo* e *oytaua* na GE, moi minoritariamente. No texto castelán, *ochauo*, *octauo* ou *ochaua*. Hai un *oitaua* na TC.

OUTUBRO. Séc. XV: *outubro* (Maia 99).

PAUTA 'lista ou índice' (< lat. < PACTA). Séc. XV: *pauta* (AP 1).

TRAUTAR. Sécs. XIII-XIV: *trautar* (CT 391.9; tamén *tractado*), *traute* (ArT 204). Séc. XV: *trautado* (TA 98; CI 74.12, 92.13).

TRAUTADO. Séc. XV: *trautado* (Maia 109), *trataudillo* (CI 31.4-5).

[TRAUTO] (< lat. TRACTU). Séc. XIV: *trautos* (HT 127.5: "sete trautos de balesta").

Abonda unha análise superficial para decatarse de que as voces agrupadas nesta sección son moitas menos cás incluídas na anterior e para percibir que moitas pertencen claramente á esfera do léxico xurídico-administrativo e notarial: *auçon*, *cōtrauto*, *pauta*, *trautar*, *trautado*. Esta lista podería alongarse aínda de termos en conta as palabras recollidas na sección de latinizacións incorrectas (cf. pto. 6.) que probablemente remiten a unha pronuncia con [w]: *abto*, *abtor*. Certamente, o volume da documentación que manexamos impídenos facer afirmacións categóricas, pero cando menos creo que si autoriza observacións prudentes relativamente seguras. Por unha parte, o tratamento patrimonializador do grupo /kt/ consistente en converter en semiconsoante velar a consoante implosiva semella menos antigo có que transforma a dita consoante en [j], e tal vez cobrou certo vigor cando, a partir do século XIII, a escritura en romance (e particularmente, aínda que non unicamente, a redacción de documentos notariais) vai demandando a procura de palabras necesarias no latín (cf. Huber 1986: 124; Nunes 1989: 125-126; Maia 1986: 556; Ferreiro 1995: 152). Por outra parte, paréceme percibir un certo pulo deste tratamento nos textos do século XV, con continuidade nos séculos seguintes, como xa se mostrou con exemplos na sección anterior; este pulo debeu de verse coutado pola estigmatización como vulgar que caeu sobre este tratamento, xa sinalada no século XVIII por Sobreira, quen dicía que *auçon* era "lo mismo que *Acion*, pero [...] rústico" (Sobr. 312). A esta estigmatización contribuiría por un lado o modelo latino, pero tamén, por outro, o do castelán, xa claramente anunciado como lingua de prestixio na Galicia do século XV (sobre todo na súa segunda metade) e definitivamente asentado como tal no XVI. Na actualidade este tratamento patrimonializador dos cuitismos segue vivo e actuante no galego popular (*perfeuto*, *reuto*), pero a súa baixa estimación social conduciu a proscribilo na variedade culta, tanto na oral coma na escrita.

3. Eliminación de /k/ implosivo

ADEREÇAR (< lat. *AD-DIRECTIARE). Sécs. XIII-XIV: *aderẽçar* (TC 828.22), *aderençou* (TC 299.4). Segundo Lorenzo, “la forma primitiva es *adereçar*, con cambio de sufijo se crea *enderẽçar*, de ambas con desplazamiento de la nasalidad surge *aderençar* y luego *enderençar*” (TC, vol. 2, s.v.). Posibles formas **adereinçar* ou **enderereinçar* presentarían sílabas con marxe posnuclear demasiado complexa para manterse: con [j] seguido de consoante nasal.

COLAÇO (< lat. tardío COLLECTEU). Sécs. XIII-XIV: *colaço* (CSM 178.23; Maia 147).

ENDERENÇAR (< lat. *INDIRECTIARE). Sécs. XIII-XIV: *enderẽçar* (TC 844.20; CT 368.12, 368.20; HT 25.22, 119.44), *enderençar* (CSM 155.10), *enderença* (GE 261.21), *enderençou* (TC 316.5, 408.11, etc.; GE 237.5), *enderẽçarõ* (TC 316.16, 591.21; HT 124.22), *enderẽçase* (GE 21.23), *enderẽçada* (TC 230.17; GE 144.13), *enderẽçada* (TC 797.24), *enderẽçadas* (CT 369.15; HT 122.6). Séc. XV: *enderença* (TA 113). Cf. *Aderençar*.

EXUTO, [TA]; EYXUTO, [TA]. Sécs. XIII-XIV: *eyxuto* (TC 56.18). Séc. XV: *exuto* (TA 96, 99).

OTUBRE. Séc. XV: *otubre* (AP 1958, 1960, 2056, 2075).

RRESUREÇÕ. Séc. XV: *rresureçõ* (AP 1631).

RRETOR. Séc. XV: *rretor* (AP 429).

SUGGEÇON. Séc. XIII: *suggeçon* (CSM 265.93).

[TRATAR]. Séc. XV: *trataua* (CI 60.22), *tratou* (CI 61.25).

Obsérvese que este tratamento, hoxe estendidísimo en galego, ten xa antigas raíces medievais, pois rexístrase desde o século XIII. Con todo, semella avanzar algo no XIV e no XV e, desde logo, está ben documentado no galego medio (XVI, XVII, XVIII): ó testemuño de Sobreira e ós exemplos xa aducidos no punto 1 desta comunicación poderíanselles sumar agora outros exemplos como *actòs* (FMinerv. 42), *aflicion* (Sobr. 95, 101) e *ato* ‘acto’ (Sarm. 804.2).

Cando a vocal situada inmediatamente antes do grupo /kt/ era a palatal de abertura mínima existía unha evidente restricción articulatoria para a transformación de /k/ implosivo en [j]. Estou en desacordo, por tanto, con aqueles que falan para estes casos de formación dun hiato homorgánico /ii/ con crase posterior, pois teño a impresión de que neles debeu de producirse directamente a eliminación do /k/ da marxe posnuclear. Velaquí uns cantos exemplos tirados dos textos analizados: *contradiçõ* (Maia 227), *contradjçion* (Maia 127), *bendiçõ* (GE 278.20, 283.34, etc.; HT 276.41, 277.14, 362.15), *bendições* (GE 281.34, 284.4), *bendito* (GE 170.7, 196.14, etc.), *benditas* (GE 170.9, 171.33, etc.), *dito* (CSM 9.54, etc.), *dita* (CSM 9.10, etc.), *fito* (lat. <

FICTU) (CSM 15.117, 75.129, 132.119), *fitos* (CSM 65.162; TC 349.5, 679.4), *jurdiçõ* (TC 339.14; Maia 172, 245), *jurisdiciõ* (Maia 200), *jurisdiciõ* (Maia 200), *jurdições* (GE 287.12; CI 72.7), *jurdições* (Maia 172; Lorenzo 362.34), *maldiçõ* (GE 68.10, etc.; TC 355.19, etc.; MS 57.11; Maia 133, etc.), *maldizõ* (Maia 74, 185), *maldjçom* (Maia 202), *maldjsom* (Maia 207), *maldito* (CSM 9.89, etc.; LP 18.30.6, etc.; GE 50.11, 281.34; TC 387.5, etc; CI 72.25; etc), *Pedrafita* (TC 107.5), *vendita* 'vinganza' (< lat. VINDICTA) (LP 120.48.5), *Vitor* (CSM 202.45; TC 286.1), *uitoria* (MS 221.6), *vitoria* (CI 56.2, 93.16), *vitorias* (CI 53.9), etc.

Outro caso que cómpre considerar á parte é o do grupo -NCT-, do que temos numerosísimos exemplos de eliminación de /k/ desde o século XIII e durante todo o período: *ajuntar* (TC 213.20; CT 331.21, 345.12, etc.; HT 12.27, 149.40, etc.), *jũto* (AP 927, 2421, etc.); *çita* (MS 232.20), *çinta* (MS 232.21); *ençita* (< lat. INCINCTA) (TC 341.16); *enfinta* 'finximento, engano' (< lat. *INFINCTA) (CSM 115.11, TC 40.3, CT 649.3, etc.); *onçon* (lat. < UNCTIÖNE) (CSM 270.32); *pintar* (CSM 74.7, etc.; LP 18.29.44), *pintura* (CT 232.16, 319.9, etc.; HT 131.9, 284.22), etc.; *pontas* (CSM 242.3; LP 18.8.14), *ponto* (CSM 5.120, etc.; LP 2.15.15; GE 144.33, 180.32, etc.; TC 43.8, 137.26, etc.), *punto* (CT 352.21, 402.15, etc.); *pregontar* (GE 297.10), *pregũtar* (CT 240.18, 361.25, etc.; MS 139.4, 230.17); *santo* (CSM 2.34, etc.; GE 53.23, etc.; TC 84.1, etc.; CT 471.22; HT 373.22; MS 10.4, etc.; CI 33.12, etc.; Maia 77, 60, etc.; AP 380; etc.), *santas* (CSM 20.47, etc.; GE 74.34, etc.; TC 458.11; CT 253.9, 284.5), *Santiago* (CSM 26.1, etc.; TC 7.2, 11.4, etc.; MS 1.1, etc.; CI 32.10, etc.; Maia 46, etc.; etc.), *santidade* (CSM 54.30, etc.), etc.; *tinta* (CSM 110.15, 115.113; LP 79.35.25; TC 381.16; CT 342.21, 503.20, etc.; HT 147.4; Maia 166), *tintor* (CSM 73.36); *vntou* (HT 24.40), *vntouse* (HT 24.42), *vntase* (HT 24.28). É bastante común o latinismo gráfico en *sancta* (CSM 236.37, 281.60; LP 14.4.19; LP 120.30.28; etc.), etc., formas en que tal vez pese o conservadorismo con que sempre se adoitou trata-lo léxico relixioso, pois non observámo-lo mesmo comportamento no caso das palabras anteriormente citadas.

Finalmente, merece tamén consideración á parte o caso de AUCT-, xa que unha marxe posnuclear tan complexa como [wkt] resultaba insostible no noso romance e, por outra parte, existen neste caso evidentes restriccións articulatorias en canto ás posibilidades de transformación de /k/ implosivo en semiconsoante, tanto palatal coma velar. Na GE detectámo-la eliminación de /k/ en *autor* (GE 213.2; 262.20) e *autores* (GE 104.21, 137.14, etc.), aínda que tamén recollemos un caso de *actores* 'autores' (GE 139.22)¹³. Na HT encontramos *autor* (HT 22.35, 23.3, 23.28, 25.9, 25.16, 25.24, 26.23, 27.36, 32.40, 292.3) e *autores* (HT 46.40, 84.15), pero tamén *actor* 'autor' (HT 40.38), *actores* (HT 373.13), *auctor* (HT 373.11) e *abtores* (HT 16.9); na CT aparecen mesmo *outor* (CT 598.2) e *outores* (CT 622.24, 623.12). Outras voces que cómpre considerar aquí son *autoridades* (GE 129.1), *autoridade* (Maia 50, 52, 76, 107, etc.), *autoridat*

(Maia 92), *autorizado* (AP 1713), *outorgar* (CSM 132.55, 216.18, 281.28; LP 64.22.18, etc.; GE 119.1, 133.27; TC 141.8, 225.10, etc.; CT 246.10, 410.23, etc.; HT 47.7; CI 70.20; AP 1441), *outoridade* (TC 58.11, 461.11), etc. É probable que *actoridade* (Maia 96) responda a unha pronuncia con [aw] e grafización latinizante.

4. Mantemento (gráfico) da consoante oclusiva oral implosiva

AUCTORIDADE. Séc. XIII: *auctoridade* (Maia 78). Séc. XV: *auctoridade* (CI 42.5, 43.8, 69.27).

CATARACTA. Séc. XIV: *cataracta* (GE 41.11), *cataractas* (GE 41.9).

[CÔTRACTO]. Séc. XV: *côtractos* (Maia 172).

[CONTRADICTO], TA. Sécs. XIII-XIV: *contradicta* (TC 348.21).

[DEFUNCTO, TA]. Sécs. XIII-XIV: *defunctos* (TC 669.2).

DERECTO. Séc. XIII: *derecto* (Maia 208, 212).

DERECTURA, DIRECTURA. Séc. XIII: *derectura* (Maia 208), *derecturas* (Maia 208), *directura* (Maia 211), *directuras* (Maia 41, 44, 207, 208, 210, 211).

DICTO, TA. Sécs. XIII-XIV: *dicto* (TC 3.11, etc.: é moi común; Maia 44, etc.), *dictos* (TC 423.16, etc.; Maia 162, etc.), etc. Séc. XV: *dictas* (Maia 114). Séc. XVI: *dictos* (Maia 180), *dictas* (Maia 180).

DOCTOR. Séc. XIII: *doctores* (CSM 384.53). Séc. XV: *doctor* (Maia 110, 111), *doctores* (Maia 120, 123). Séc. XVI: *doctor* (Maia 242).

ECTOR. Séc. XIV: *Ector* (HT 119.24, 119.38, etc; CT 230.7, 468.9, etc.).

EFFECTO. Séc. XV: *efecto* (AP 453, 730, 762, 952, 1076, 2198, 2381).

ELECTO, [TA]. Séc. XV: *electo* (CI 65.3, 76.21).

ESLECTO, [TA]. Sécs. XIII-XIV: *eslecto* (TC 455.6).

[INSTRUCTO, TA] 'instruído'. Séc. XV: *instructos* (CI 87.32).

MALDICTO, [TA]. Séc. XIII: *maldicto* (Maia 193, 198).

MALDICZŌ. Séc. XIII: *maldiczŏ* (Maia 190).

[OBJECÇŌ]. Séc. XV: *objecçŏos* (CI 74.14).

OCTAVIAN. Séc. XIII: *Octavian* (CSM 306.16).

OCTAVIANO. Séc. XV: *Oc[tau]jiano* (MS 140.3).

OCTAVO, VA. Séc. XIII: *octaua* (Maia 46, 71), *octauas* (Maia 43, 71). Séc. XV: *octavo* (CI 40.7).

OCTO. Sécs. XIII-XIV: *Octo* 'emperador de Roma' (TC 241.20, 248.23).

[OCTORGAR]. Séc. XIII: *octorgamos* (Maia 190), *octorgante* (Maia 192).

OCTUBRO. Sécs. XIII-XIV: *octubro* (Maia 74, 85).

ONTREDICTO. Sécs. XIII-XIV: *ontredicto* (TC 762.11, 765.6).

RECTOR. Séc. XIV: *rector* (Maia 228), *rrector* (Maia 229), *rectores* (Maia 146). Séc. XV: *rrector* (AP 456, 562, 590).

SANCTO, TA. Sécs. XIII-XIV: *sancto* (TC 14.7, 91.21, etc.; CT 747.18; Maia 45, 186, etc.), *sancta* (TC 15.13, 24.1, etc.; CT 284.9, 496.22, etc.), etc.

SOBREDICTO, TA. Sécs. XIII-XIV: *sobredicto* (TC 726.25, 760.6; Maia 193, 196, etc.), *sobredictos* (TC 762.2, 815.10, etc.; Maia 197), etc.

[SUBIECTO, TA]. Sécs. XIII-XIV: *subiectos* (TC 510.14). Séc. XV: *subjectos* (CI 72.12).

[TRACTAR]. Séc. XIV: *tractado* (CT 644.8; HT 278.18).

VICTOR. Sécs. XIII-XIV: *Victor* (TC 333.21).

A coñecida influencia da grafía latina que gravita sobre toda a escritura romance medieval explica suficientemente casos coma os integrados neste grupo, onde non temos por qué ver necesariamente reflexos escritos dunha pronuncia coidada con mantemento da consoante oclusiva oral implosiva, pois o grafema <c> podería corresponder a lecturas sen /k/ ou con [j] ou [w], segundo os casos. O vigor da devandita influencia gráfica latinizante non parece decaer demasiado conforme discorren os derradeiros séculos medievais e, logo dos períodos máis popularizantes e diferencialistas da moderna historia do galego escrito (cf. Fernández Salgado e Monteagudo Romero 1995), revive no día de hoxe, xa que, salvo excepcións (*catarata*, *distrito*, etc.), a preservación gráfica deste grupo consonántico nos cultismos é a solución prescrita (ou recomendada, cando preceden as vocais /i/ e /u/) no texto normativo actualmente vixente (*Normas* 44-46). Por outra parte, casos de mantemento gráfico de <ct> no galego medio xa se aduciron na primeira sección deste traballo.

O carácter erudito e a entrada tardía de moitos dos vocábulos integrados neste grupo queda perfectamente posto de manifesto na GE, cando se introduce e explica o significado do substantivo *cataracta*: “Aquelas aberturas aque chama Jeronymo eno traslado da Biblia eno septymo capytolo do Genesis cataractas, et diz Agostym que som synaladamete as portas do Nylo por onde el sal et mana. Et diz outrosy quese toma este nome cataracta por qual quer fiestra, et que asy he dito aqui por las fiestras do ceo” (GE 41). Obviamente este cultismo introduciuse no galego coa mediación do castelán, pois claro é que estamos ante unha traducción dunha obra saída do escritorio do rei Afonso X. E é que tanto esta coma as outras que aquí agrupamos son en definitiva palabras (ou formas de palabras, como, por exemplo, *dicto*) que chegaron ó idioma a través da escrita, non a través da fala; que penetraron na lingua máis pola vista ca polo oído.

Non se pode rematar esta sección sen facer referencia a un problema relacionado coa edición dos textos medievais. Como xa advertiu Maia (1986: 30), é frecuente que neles se utilicen abreviaturas de vocábulos latinos para reproducir vocábulos romances, de modo que, por exemplo, *dito* e *santo* poden representarse mediante as formas abraviadas *dco.* e *sco.* Este tipo de inercias nos hábitos escriturarios dos escribas medievais vénnos a falar unha vez máis da grande influencia que a tradición gráfica latina exercía sobre os que daquela escribían en romance.

5. Conversión de /k/ implosivo en semiconsoante palatal e mantemento gráfico de <c>

DESFEYCTO, TA. Sécs. XIII-XIV: *desfeycto* (TC 162.3), *desfeyctos* (TC 217.20), *desfeyctas* (TC 127.10).

FEICTO, TA. Sécs. XIII-XIV: *feicto* (TC 82.1, 120.6), *feycto* (TC 110.4, 122.1, etc.; moi común), *feyctos* (TC 101.9, 102.3, etc.), *ffeyctos* (TC 99.21, 101.24), *feycta* (TC 153.18, 184.9, 184.16, 185.5, 273.1), *feyctas* (TC 144.10, 162.19, 208.16). Tamén *fevcto* (TC 148.22, 204.18), que debe de ser variante paleográfica de *feycto*. Séc. XV: *feicto* (MS 179.4, 179.14, etc.), *feictos* (MS 25.5, 49.10, etc.), etc.; moi común neste texto dos MS, onde resulta do desenvolvemento da abreviatura "fcō(s)" (cf. MS XXVIII).

Estamos ante casos de cruzamento da escrita romance co mantemento de hábitos gráficos propios da escrita latina.

6. Latinizacións incorrectas

[ABÇŎ]. Séc. XV: *abçõos* (AP 1305).

ABTO 'auto' (< lat. ACTU). Séc. XV: *abto* (AP 1753), *abtos* (AP 66, 316, 1969).

Abto, auto e acto aparecen en documentos galegos desde 1416-1422 (cf. AP: s.v.).

[ABTOR]. Séc. XIV: *abtores* (HT 16.9).

ABTORIDADE. Séc. XV: *abtoridade* (CI 39.5; Maia 111, 112; AP 1282, 1571, 1730, 1739, 2221), *abtorydad* (Maia 125). Séc. XVI: *abtorjdad* (Maia 245).

[ABTORISAR]. Séc. XV: *abtorisados* (AP 219).

CONDICTIONM. Séc. XIII: *condictionm* (Maia 43).

CONTRABTO. Séc. XV: *contrabto* (Lorenzo: 361.25, 361.34, 361.38, 362.36; AP 1482, 3002). Séc. XVI: *contrabto* (Maia 242, 244, 245).

[CUNCTAR] 'contar, relatar'. Sécs. XIII-XIV: *cuncto* (LP 114.6.20: "E tod' esto que vos cuncto avén / al rey, se o souberdes coñocer").

[LECTERA] (< lat. < LITTERA). Sécs. XIII-XIV: *lecteras* (TC 59.4).

OCTROSY. Séc. XIII: *octrosy* (Maia 190).

REÇECTOR. Séc. XV: *reçector* (Maia 103: "vigario et reçector do dito señor obispo").

RRECTORICA. Séc. XIV: *rrectorica* (GE 138.36). No mesmo texto detéctanse *rreutorica* (GE 87.30) e *rreytorica* (GE 113.3); como na versión castelá da GE o que se le é *rectorica* (cf. Kasten / Nitti / Jonxis-Henkemans 1997), creo que debeu de se-lo orixinal o que induciu a forma das traducións galegas: cada unha delas explota unha posibilidade que o galego ofrecía para o tratamento de /kt/, aínda que, claro está, sempre partindo dunha forma ultracorrecta (*rectorica*). Séc. XV: *rectorica* (CI 77.22).

[RREPTO, TA]. Séc. XV: *rreptos* 'erectos' (MS 165.4: "et sobre las cabeças dela[s] estan senllos angeos rreptos que tẽẽ, ençima do crochel, ãnas mãos, o Trono Domini").

TRABTADO. Séc. XVI: *trabtado* (Maia 243).

Nas mans de escribas insuficientemente preparados, a vocación latinizadora conducía con certa frecuencia a resultados coma os que aquí recollo. Resulta moi verosímil que neste tipo de casos a consoante gráfica situada na marxe posnuclear da sílaba remitise a lecturas que a omitisen totalmente, ou ben que a fixesen corresponder con [j] ou con [w].

7. Conclusións

O grupo consonántico heterosilábico /kt/, por presentar na marxe posnuclear unha consoante oclusiva oral implosiva, non formaba nin forma estruturas silábicas aceptables nas voces patrimoniais do noso romance. Ademais, o feito de seren oclusivas orais tanto a consoante posnuclear da primeira sílaba coma a prenuclear da sílaba seguinte obriga nunha pronuncia esmerada a encadear dúas oclusións, coa dificultade que isto entraña. Non estraña, por tanto, que desde o mesmo século XIII, ou incluso antes, se documenten procesos tendentes a crear estruturas distintas para a primeira das sílabas ocupadas polo grupo /kt/: sílabas con [j] ou [w] na marxe posnuclear, ou ben sen ningunha marxe posnuclear.

A transformación do /k/ implosivo en [j] semella se-lo proceso patrimonializador máis antigo do grupo /kt/, o que afecta ó conxunto máis numeroso e semanticamente máis diverso das voces implicadas neste cambio no galego medieval. Na lingua popular este proceso parece manterse productivo para a acomodación de cultismos polo menos ata o final do século XVIII, mais na actualidade xa non o é, en parte debido quizais ó modelo negativo que representaría o castelán, pero en parte tamén pola preponderancia que chegarían a adquirir no galego espontaneamente falado a conversión de /k/ implosivo en [w] ou a súa eliminación.

A conversión de /k/ implosivo en [w] rexístrase polo menos desde o século XIII, pero aplicada a moitas menos voces cá transformación en [j] e moi vinculada á esfera do léxico xurídico-administrativo e notarial. Semella, por tanto, que é menos antiga e que podemos caracterizala como "semiculta". Dá a impresión de que cobrou vigor no XIV e no XV, mais non tardaría en bater co problema da súa estigmatización como trazo propio do falar rústico, consignada xa por Sobreira e probablemente recibida a través do castelán, onde tiña tamén tal consideración. Hoxe segue sendo productiva no galego popular, pero rexéitase nos rexistros cultos como proceso acomodador de cultismos.

A eliminación de /k/ implosivo, e por tanto da marxe posnuclear da sílaba, tamén se coñece desde o século XIII e mantívose ata a actualidade activa e en boa medida libre da baixa estimación da conversión en [w].

O mantemento gráfico do grupo <ct> detéctase en cultismos tardiamente introducidos (coma *cataracta*), pero preséntase tamén en voces máis comúns e con máis antigüidade no idioma nas que se deixa senti-la influencia latinizante propia da escrita romance medieval. Estas inercias latinizantes detéctanse aínda nos escasos textos do galego medio e, superadas as fases máis popularizantes e diferencialistas da moderna historia do galego escrito, volven a impoñerse no modelo normativo hoxe vixente. En non poucas ocasións esta vocación conduciu a latinizacións incorrectas en bastantes textos medievais.

Na documentación aquí revisada adoita suceder que unha mesma palabra presente diversas formas resultantes da aplicación de distintos procesos transformadores ou da non aplicación de ningún deles. É o caso, por exemplo, de *Eytor*, *Eutor* e *Ector* ou de *treytar*, *trautar*, *tratar* e *tractar*. Só a actual actuación de forzas estandarizadoras puido contribuír a reducir esta variación.

Notas

- 1 Sobre estas restriccións combinatorias e sobre a estrutura da sílaba no galego moderno cf. Freixeiro Mato (1998: 219-224).
- 2 Deixo a un lado o caso de *liçon* (LP 152.12.11) e *lições* (GE 128.35) (< lat. LECTIÖNE), pois non o vexo claro. Así e todo, paréceme moi probable que aquí houbera tamén un primitivo estadio con conversión de /k/ implosivo en [j].
- 3 *Bêençom* (LP 25.104.16), con consonantización da nasalidade vocálica, fai inviable o mantemento de [j], pola excesiva complexidade que entrañaría unha coda silábica con [j] seguido de consoante nasal.
- 4 Segundo Corominas e Pascual (s.v.), o castelán *endecha* 'canción funeral, elexía' debe de proceder do latín INDICTA ' cousas proclamadas', participio neutro plural de INDICIËRE 'declarar publicamente, proclamar', e tería o sentido de 'proclamación das virtudes do morto'. Por outra parte, os mesmos autores recordan que existe en asturiano o substantivo *andecha*, que significa 'llamamiento de ruego a los vecinos para que en un día den juntos ayuda a labor agrícola determinada' e tamén 'servicio que se prestan mutuamente los labradores en trabajos agrícolas, sin más remuneración que la comida'; coido que con estes significados da voz asturiana conectan perfectamente os testemuños galegos de *endetta* que encontro tardiamente nun texto do século XVII ('Es aqui [a] man dereita, / e digo que deijemola endeita', *Contenda* 3 v.) e noutro de finais do XVIII (*endeyta* 'traballo ou labor comunitario', *Sobr.* 202, 261). Por outra parte, o verbo **endeitar* usado nas CSM podería derivar xa dun antigo *INDICTARE que Corominas e Pascual postulan para daren conta do francés antigo *enditler* 'dictar, redactar, informar, incitar, excitar'.

5 Tamén *esleeçõ* (TC 451.6, 451.15, 464.18), *esleeçon* (CT 478.15, 478.25), *esliçõ* (TC 455.5) e *esleaçon* (CI 76). Segundo Lorenzo, ELECTIONE “con cambio de pref. dio *esleiçom* y por asimilación *esleeçom* o *esliiçom*” (TC, vol. 2, s.v.).

6 Segundo Williams (1975³: 100), “a forma *lectum* sobreviviu nos compostos *eletto* (de *electum*) e *colbeito* (arcaico) (de *collectum*), cujo feminino, *colbeita*, existe em português moderno como substantivo; *-eito* foi tomado como terminação e se irradiou para outros verbos, a saber, *tolbeito* (arcaico), *escolbeito* (arcaico), *coseito* (arcaico)”. Para o galego, desde logo, non vale o cualificativo de “arcaicos” nin para *tolleito* nin para *escolleito* (hoxe voces comúns), como tampouco para *coseito*, utilizado no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (Sarm. 230.2) do Padre Sarmiento (ca. 1746).

7 Que a nosa interpretación etimolóxica é correcta próbaos a seguinte pasaxe da mesma obra: “ñe pleito en que nehũ home podesse trautar” (CT 391.8-9).

8 Aínda temos *oitubre* a mediados do século XVIII: *oitubre* (Sarm. 972.1; *outubre* MP).

9 Mesmo temos un *despeucto* no canto de *despeyto* nun dos manuscritos da TC.

10 Disto mesmo xa falaram, entre outros, Maia (1986: 563-564) e Lorenzo (1993: 20).

11 Tamén paga a pena rexistra-los testemuños “medios” de *sojeiçon* (IriaVat. 15 r), *sojeito* (FMinerv. 50), *sojeitos* (IriaVat., 12 r), *sojetta* (FMinerv. 31).

12 Noutros casos o que aconteceu en portugués foi que acabaron fraguando diferencias semánticas entre formas (semi)cultas e formas patrimoniais (cf. Cunha 1994: s.v.): *afecção* ‘estado ou proceso mórbido’ (desde o séc. XVII) / *afeição* ‘inclinação, simpatía, estima’ (séc. XV), *confeção* ‘acto ou efecto de confeccionar’ (1858) / *confeição* ‘actou ou efecto de confeioar’ (séc. XIV), *correção* ‘acto ou efecto de corrigir(se)’ (séc. XIV) / *correção* ‘visita do corregedor à comarca’ (1813). O portugués moderno di, coma o galego, *corre(c)to* e non **corretto*; este último resultado recollino para este traballo nun texto galego do século XIII e noutro do XV, pero Cunha (1994: s.v.) non ofrece ningunha documentación del para o portugués.

13 Na versión castelá da GE lese neste caso *auctores* (cf. Kasten / Nitti / Jonxis-Henkemans 1997: GE1, fol. 39 v.). *Auctor(es)* é a forma máis frecuente neste texto castelán, seguida logo de *autor(es)*, moito máis infrecuente, e finalmente do xa raro *actor(es)*.

Referencias Bibliográficas

- AFeijoo: A. Feijoo y Montenegro (1723): “E vos non vedes a teima”, in *Sagradas Flores del Parnaso* [...]. Madrid: Juan de Ariztia, p. 135.
- AP: F. R. Tato Plaza (1994): *O libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (séc. XV)*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Reproducción en microficha: Universidade de Santiago de Compostela, 1995.
- ArT: J.-M. d’Heur (1975): “L’Art de Trouver du Chansonnier Colocci-Brancuti”, in *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens*

- portugais (XII^e-XIV^e siècles). Contribution a l'étude du "Corpus des Troubadours". [Liège], pp. 100-147.*
- CI: J. Carro García (1951): *Corónica de Santa María de Iria (Códice gallego del siglo XV)*. Edición, prólogo, notas y glosario de Jesús Carro García. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.
- Contenda: R. Mariño Paz (1997): "Edición do *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño (1671)*", *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do Norte de Portugal* 1, s.p.
- Corominas, J. / J. A. Pascual (1987/1989/1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*. 6 vols. Madrid: Gredos. * vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991.
- CSM: W. Mettmann (1959-1972) (ed.) : *Afonso X O Sábio: Cantigas de Santa María*. 4 vols. Coimbra: Universidade, 1959 / 1961 / 1964 / 1972. Ed. facsímil, 2 vols.: Vigo: Xerais, 1981.
- CT: R. Lorenzo (1985): *Crónica Troiana*. Introducción e texto. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- Cunha, A. Geraldo da (1994): *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. 2ª ed. revista e acrescida de um suplemento. Rio de Janeiro: Nova Fronteira.
- Fernández Salgado, B. / H. Monteagudo Romero (1995): "Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea", in H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, pp. 99-176.
- Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Ferro Couselo, X. (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, 2 vols. Vigo: Galaxia. Ed. facsímil: Vigo, Galaxia, 1996.
- FMinerv.: *Fiestas Minervales y aclamación perpetua de las Musas [...]*. Santiago: Antonio Frayz, 1697. Ed. facsímil, con *Estudio literario das Festas Minervais Compostelanas de 1697* de X. Alonso Montero: Santiago de Compostela: Universidade, 1993.
- Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega. I. Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- GE: R. Martínez López (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV (Ms. O. I. I. del Escorial)*. Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario de Ramón Martínez-López. Universidad de Oviedo.
- HT: K. M. Parker (1975): *Hstoria Troyana*. Edición e introducción de Kelvin M. Parker. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Tivéronse en conta as correccións que a esta edición lle fixo R. Lorenzo (1982): "Correccións á edición da *Hstoria Troyana* de Parker", *Verba* 9, pp. 253-290.
- Huber, J. (1986): *Gramática do português antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.

- IriaVat.. "Historia de Yria" (ms. do séc. XVII, copia doutro do XV). Colección Barberini da Biblioteca Apostólica Vaticana (Barb. lat. 3578).
- Kasten, Ll. / J. Nitti / W. Jonxis-Henkemans (1997): *The Electronic Texts and Concordances of the Prose Works of Alfonso X, El Sabio*. Madison: Hispanic Seminary of Medieval Studies.
- Lorenzo, R. (1968): *Sobre cronología do vocabulário Galego-Português (Anotações ao Dicionário etimológico de José Pedro Machado)*. Vigo: Galaxia.
- Lorenzo: R. Lorenzo (1991): "Un documento galego de 1466", in M. Brea / F. Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. 2, pp. 361-386.
- Lorenzo, R. (1993): "Algunhas consideracións sobre a evolución do vocalismo en galego e portugués", in *Actas do VIII Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, pp. 9-26.
- LP: M. Brea (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica. 2 vols. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- Maia: C. de Azevedo Maia (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galtza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- MS: J. L. Pensado (1958): *Miragres de Santiago*. Edición y estudio crítico por José L. Pensado. Madrid: Anejo LXVIII de la Revista de Filología Española.
- Normas: Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. 12ª ed. revisada. Vigo: ILG / RAG.
- Nunes, J. J. (1989): *Compêndio de gramática histórica portuguesa (Fonética e Morfologia)*. 9ª ed. Lisboa: Clássica Editora.
- Sarm.: Fr. M. Sarmiento (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega.
- Sobr.: Fr J. Sobreira (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Ms. s. XVIII. Edición y estudio crítico por J. L. Pensado. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- TA: J. Domínguez Fontela (1938-1939): "Tratado de Albeiteria por Jordan Rublo, de Calabria. Prefacio y transcripción crítica por Juan Domínguez Fontela, de la Real Academia de la Historia", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* XI, 1938, nº 238, pp. 302-309; nº 239, pp. 345-352; nº 240, pp. 395-402; nº 241, pp. 451-458; nº 242, pp. 495-502; nº 243, pp. 543-550; XII, 1939, nº 244, pp. 13-20; nº 245, pp. 93-100; nº 246, pp. 109-115. J. Domínguez Fontela (1940): "El Códice de Albeiteria de Alvaro Eans o Yans da Seira. Epílogo", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* XII, nº 251, pp. 261-264.

ACTAS DO XIV ENCONTRO NACIONAL DA APL

TC: R. Lorenzo (1975-1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. [Vol. 1: *Introducción, texto anotado e índice onomástico*, 1975. Vol. 2: *Glosario*, 1977]. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".

Veiga Arias, A. (1983): *Algunas calas en los orígenes del gallego*. Vigo: Galaxia.

Williams, E. B. (1975): *Do latim ao portugués. Fonología e morfología históricas da língua portuguesa*. 3ª ed. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.